

EDUCACIÓN SOCIAL E ADICCIÓN

Experiencias socioeducativas
en Galicia.

Educación Social e adiccións. Experiencias socioeducativas en Galicia.

Edita: Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg)

ISBN:

D.L.

Publicación financiada pola Deputación da Coruña.



Esta obra está suxeita a unha Licenza de Creative Commons. Esta licenza permite a outras persoas distribuír, remezclar, retocar e crear a partir desta obra de modo non comercial, sempre e cando se mencione a fonte e se licencien as novas creacións baixo as mesmas condicións.

ÍNDICE

Educación social e adiccións. Experiencias socioeducativas en Galicia.

Presentación do Grupo de traballo do Ceesg Miolo. Manuel Rodríguez Iglesias.....	7
“Preparación á liberdade”. Fátima Estúa García e María Barba Núñez. Aliad Ultra.....	9
“Entendendo a redución de riscos no Festivaleo Galego”. Xaquín Bouza Leirachá. Asfedro.....	15
“A prevención das adiccións no ámbito socioeducativo”. Viviana Varela Novo, Noelia García Rama e Octavio Susacasa Noval. Aseduc.....	19
“¿E agora que? Un paso ADIANTE na deshabitación de sustancias adictivas”. Víctor Meizoso López. Asociación Adiante.	23
“Acompañamento socioeducativo dende o Servizo de Educación e Apoio Familiar de Arteixo no eido das adiccións. Experiencias de Educación Social”. Sonia González Rodríguez. Concello de Arteixo.....	25
“PROGRAMA PFIS: Proxecto Érguete-Inclúete. Intervención socioeducativa con xoves privados de liberdade”. Lucía Pereda Pérez. Asociación Érguete.....	29
“Experiencia de intervención socioeducativa no medio comunitario na unidade asistencial de drogodependencias de Lugo.” Helena López Novo e Isabel Sánchez Rodríguez. Cruz Vermella Lugo.....	31
“Caso enredados. Un modelo de intervención integrativo”. Aldara Fernández Servia e Pablo Óscar Veiga Romero. TactoConTacto.....	35
“Programa Mírate. Programa de Intervención socioeducativa desde unha perspectiva de xénero de mulleres privadas de liberdade”. Andrea Pérez Romariz. Asociación Érguete.....	39
“Auto-T. Programa AUTO-T. Do coñecemento dun mesmo á liberdade”. Marta Lloves Pequeño, David Martínez López, Ana Vázquez Gago, e Rodrigo Alonso Costas. Asociación Érguete.....	41
“Sereos do Casco Vello”. Antón Bouzas Álvarez.....	45

Presentación do grupo Miolo

Manuel Rodríguez Iglesias
Educador Social (colexiado nº 184)
Grupo de Traballo Miolo (Ceesg)

As inquedanzas dun grupo de educadoras e educadores sociais que traballamos en adiccións, no ano 2010, foi o xermolo do grupo de traballo sobre Educación Social e Saúde que agora denominamos MIOLO.

Comezouse daquela a falar da necesidade de xuntar as educadoras e educadores sociais que traballan nos distintos eidos das adiccións, prevención, asistencia e incorporación social dentro do Plan de Galicia Sobre Drogas, co obxecto de intercambiar experiencias e dignificar o traballo socioeducativo neste ámbito.

Estas conversas concretáronse en dous encontros, un celebrado en Vigo en novembro do 2012 e outro na Coruña o seguinte ano.

Dende os comezos destas conversas viuse a importancia de contar coa participación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg), para o apoio nestes encontros. As conclusións das primeiras xuntanzas permitíronos ver a necesidade de crear un Grupo de Traballo dentro do Ceesg, que traballase os aspectos educativos relativos ás adiccións e saúde mental, que se fixo realidade no ano 2016.

A necesidade dun maior recoñecemento ás tarefas socioeducativas no eido das adiccións e da saúde foi un dos principais problemas detectados naqueles primeiros encontros, e converteuse no eixo principal de traballo. Así, a defensa da figura de educador/a social, o desenvolvemento dun catálogo de funcións, a realización de enquisas para coñecer a situación real das e dos profesionais, ou a elaboración dun mapa profesional do sector no eido da saúde, conforman algúns dos obxectivos do grupo.

Esta publicación responde precisamente ao obxectivo de dar visibilidade e poñer en valor aquelas experiencias e proxectos socioeducativos nos que

traballan educadoras e educadores sociais no territorio galego. Reúnense nesta publicación experiencias enfocadas tanto á prevención como á intervención. Todas elas recollidas a través dunha convocatoria aberta dirixida a calquera entidade galega que desenvolvese algún proxecto socioeducativo no eido das adicións que quixese participar compartindo o seu facer.

Agradecemos a colaboración de todas as autoras e autores, e a todas as entidades que contribuíron a que esta publicación vexa a luz, esperando que este traballo contribúa tamén á creación ou fortalecemento de redes profesionais.

Preparación á liberdade

Fátima Estúa García e María Barba Núñez
Psicóloga e Educadora Social (colexiada nº 4845).

Aliad Ultreia.

inclusion@aliad.org

O Programa de preparación á liberdade, desenvolto por Aliad Ultreia no centro penal de Monterroso (Lugo)¹, busca acompañar a persoas presas con problemática de drogodependencia nun proceso educativo a través de obradoiros grupais, nos que adquirir ou recuperar destrezas e habilidades con vistas a prepararse para a vida en liberdade. Leva 25 anos de traxectoria, sendo un programa consolidado con bos resultados contrastados.

Diríxese a módulos xerais, primando a participación daquelas persoas que sofren en maior medida os impactos da cadea; e á Unidade Terapéutica e Educativa (UTE) do centro.

Xustificación do enfoque

Existe unha longa traxectoria de indagación científica e práctica sobre os factores que predispoñen a un trastorno aditivo. Beck et. al. (1999) falan de:

- alta sensibilidade ante os seus sentimentos e as emocións desagradables, sen a capacidade para identificalas e xestionalas correctamente;
- escasa capacidade e medios técnicos para o control da conduta, buscando a satisfacción inmediata;
- patrón automático, non reflexivo, que leva a ceder ante impulsos;
- escasa tolerancia á frustración;

¹ Programa financiado a cargo do IRPF, a través da UNAD.

- diminución relativa das perspectivas futuras e escasa atención ás consecuencias das accións.

A isto súmanse condicionamentos psicolóxicos derivados de experiencias de vida previas –non esquezamos que nas prisións encárceráse a pobreza (Cabrera, 2002)-, así como os impactos que xera sobre a persoa as condicións de encerro (Echeverri, 2010) e a propia traxectoria de consumo.

Neste proxecto traballamos con persoas con historias de vida duras nas que, a parte dos factores de risco sociais, relacionais e na súa rede de apoio, atopamos moitas veces limitacións nas habilidades e recursos persoais, no autoconcepto e autoestima e na capacidade de autocontrol. É por iso que o traballo educativo orientado ao desenvolvemento destas habilidades, así como ao autocoñecemento e á construción de novos marcos de interpretación, convértese en elemento de prevención tanto do consumo coma do abuso de substancias, e mesmo da motivación cara o abandono.

Buscamos traballar con este colectivo o sentir de autoeficacia (Bandura, 1987), é dicir, da capacidade para afrontar situacións e tomar as rendas das súas propias vidas, nos diferentes ámbitos de relación (ante o consumo, nas relacións familiares, de parella, etc.), facendo fronte á indefensión aprendida que impón o contexto prisión e a traxectoria de drogodependencia.

Polo tanto, o proceso artículase a través de obradoiros que atenden ás seguintes temáticas:

Módulos xerais	UTE
<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades sociais • Autoestima • Igualdade de xénero • Emocións • Proxecto de vida e recursos 	<ul style="list-style-type: none"> • Autocoñecemento persoal • Valores • Proxecto de vida e recursos

Metodoloxía de traballo

Tanto nos módulos xerais como na UTE, vimos traballando con grupos de entre 8 e 15 persoas. No caso da UTE trátase dun grupo xa formado, con traxectoria de traballo grupal previa, pero para os módulos xerais conformamos un grupo específico. Isto implica dedicar esforzos á labor

inicial de cohesión, establecemento de normas, e creación dun espazo de seguridade.

O traballo esténdese durante 9 meses, 1 sesión á semana de 2 horas de duración. Trabállase dende un enfoque interdisciplinar que combina a mirada (enfoque, técnicas, perfís profesionais) da psicoloxía e a da educación social.

A través de dinámicas, buscamos promover as potencialidades da persoa dende a experiencia co outro. Un enfoque orientado ao crecemento persoal a través do grupo, no que os outros integrantes non nos ensinan, senón que facilitan a propia aprendizaxe, ao compartir as súas visións, experiencias, pensamentos e emocións, que serven de fonte de retroalimentación da propia conduta.

Próximo aos principios da psicoloxía humanista de Carl Rogers, esta experiencia ten un carácter máis educativo que terapéutico. A combinación de estratexias cognitivo-condutuais e experienciais, permítenos o desenvolvemento de habilidades sociais e a reflexividade promotora dun cambio de actitudes.

A *aprendizaxe cognitivo-condutual* baséase no cuestionamento dos esquemas de pensamento da persoa, patróns de conduta e influencia sobre as súas propias vidas para, seguidamente, xerar alternativas. Permite incorporar, a través da observación, da experimentación e do intercambio cos outros membros do grupo, estratexias e patróns de conduta que derivan en mellores resultados na relación coas persoas e na proxección da propia vida. Trátase dun enfoque amplamente probado no traballo con persoas con problemática de drogodependencias (Beck, et.al, 1999; Llorente e Iraurgi, 2008).

A *aprendizaxe vivencial* permite unha construción a través do facer, da experiencia propia. Non se basea na transmisión, senón en dar a oportunidade de que as persoas internalicen aspectos a partir da súa vivencia persoal a través do grupo, sendo un enfoque con bos resultados probados no desenvolvemento de habilidades sociais (Del Prette e Del Prette, 2013; Gómez, Salazar e Rodríguez, 2014). Pártese dunha actividade cunha intencionalidade concreta (por exemplo, experimentar o que implica o traballo en grupo); analízase o vivenciado (como se desenvolveu a actividade, que dinámicas relacionais se xeraron, cal foi o meu papel, e o dos meus compañeiros, cal foi o resultado, etc.); e se conceptualiza a partir do vivido (no exemplo anterior, concretamos que é un grupo, que nos aporta e que implica traballar en grupo).

Un elemento clave: a quen nos diriximos

Máis aló do traballo na Unidade Terapéutica e Educativa, cunha clara orientación á problemática de drogodependencias, cobra gran relevancia a proposta de obradoiros para módulos xerais, que supón incorporar ás persoas máis desatendidas dentro da realidade penitenciaria.

Dende esta óptica, o programa oriéntase fundamentalmente a aquelas persoas que están escasamente integradas nas actividades do centro penal, que pasan moitas horas de patio ou chapados nas celdas, fóra da canle das actividades de tratamento. O obxectivo é facer fronte á consolidación de identidades prisionizadas (Marcuello e García, 2012) que reforzan as traxectorias de consumo.

Bibliografía

- Bandura, A. (1987). *Pensamiento y acción*. Barcelona: Martínez Roca.
- Beck, A., Wright, F., Newman, C. e Liese, B. (1999). *Terapia cognitiva de las drogodependencias*. Madrid: Ed. Paidós.
- Cabrera, P.J. (2002). Cárcel y exclusión. *Revista del Ministerio de Trabajo e Inmigración*, 35, 83-120.
- Del Prette, A. e Del Prette, Z.A.P. (2013). Programas eficaces de entrenamiento en habilidades sociales basados en métodos vivenciales. *Apuntes de Psicología*, 31, 67-76.
- Echeverri, J. (2010). La prisionización, sus efectos psicológicos y la evaluación. *Revista Pensando Psicología*, 6(11), 157-166.
- Gómez, M.I.; Salazar, M.L. e Rodríguez, E.I. (2014). Los talleres vivenciales con enfoque centrado en la persona, un espacio para el aprendizaje de competencias sociales. *Revista Intercontinental de Psicología y Educación*, vol. 16 (1), 175-190.
- Llorente, J.M. e Iraurgi, E.I. (2008). Tratamiento cognitivo conductual aplicado en la deshabitación de cocaína. Cognitive-behavioral therapy applied in the cocaine deshabituation. *Trastornos adictivos*, 10 (4), 252-274.
- Marcuello, Ch. e García, J. (2012). La cárcel como espacio de desocialización ciudadana: ¿fracaso del sistema penitenciario español?, *Portularia*, 11(1), 49-60.

Seoane, F.; Baldini, F.; Basso, J.; Aguilar, M. e López, M. (2011). Diseño y evaluación de un programa de promoción de conductas prosociales en preadolescentes. *Actas da XIII Reunión Nacional y II Encuentro Internacional de la Asociación Argentina de Ciencias del Comportamiento*. RACC, 113-146.

Entendendo a redución de riscos no Festivaleo Galego.

Xaquín Bouza Leirachá.
Educador social.
Asfedro.

O programa “educando no lecer” é una aposta socioeducativa da área de prevención de ASFEDRO deseñada para adaptarse ós novos paradigmas preventivos na redución de riscos asociados ó consumo de drogas.

Pero, porque intervir nos tempos de lecer?

O lecer é sinónimo de recreo. Nun contexto de lecer a festa colle un espazo prioritario.

A festa, pode definirse como o principal contexto das substancias psicoactivas polo que falar de festa, leva consigo falar de consumo.

Consumir determinadas substancias é un comportamento arriscado. Mais existe unha incerteza inherente relacionada cos efectos do consumo. Efectos que poden ser debidos á substancia (por ela mesma ou polo seu grao de adulteración), á persoa (constitución física, metabolismo, estado anímico), ou ás pautas de consumo (policonsumo, mesturas, contexto, etc.)

A forma socialmente dominante de concibir o consumo de substancias tende á “invisibilización” deste fenómeno, sendo esta a estratexia dominante das políticas públicas.

As condicións nas que se dá o consumo depende en boa medida deste proceso de invisibilización. Lonxe de ser eliminado ou apaixado, este segue baixo determinadas condicións que o reclúen a prácticas case clandestinas que inciden de xeito decisivo nas pautas de invisibilización do consumo.

Que mecanismos sosteñen e reproducen esta estratexia de invisibilización do consumo?

Os discursos e as políticas de intervención dominantes arredor do consumo de substancias, enmárcanse no que denominamos un paradigma abstencionista (Faura, et al., 2007). Estas promoven unha serie de campañas de sensibilización que contan cunha mensaxe clara: a droga, por definición é prexudicial, así que non o dubides e di NON ás drogas. Deste xeito todo aquilo que ten que ver coa xestión do consumo non problemático, fica oculto.

Aínda cando a mensaxe abstencionista poida resultar coherente e efectiva para unha parte da poboación, esta é rexeitada pola maioría das persoas que afirman consumir algún tipo de substancia (Faura, et al., 2007).

Sendo este discurso o que predomina en termos ideolóxicos e culturais, non é de estrañar que as persoas que consumen afirmen que a principal fonte de coñecementos con que contan é a experiencia de consumo co seu grupo de iguais (Faura, et al., 2007).

En consonancia con isto, constátase que as políticas e intervencións de redución de riscos tamén presentan un importante grao de invisibilización, vemos que o coñecemento desta perspectiva é minoritario, e que moitas das persoas que entran en contacto directo con ela fano mediante encontros directos e presenciais en espazos de lecer nocturno (Faura, et al., 2007).

Mais unha vez se entra en contacto cos servizos de redución de riscos nestes espazos, unha maioría difunde as informacións entre os seus iguais mediante o boca-orella.

Sabendo que entre as persoas consumidoras de drogas en espazos de lecer nocturno, transmitir información entre iguais destaca sempre como a primeira vía de adquisición de informacións consideradas coma fiables sobre drogas.

Ao fio disto...

A área de Prevención de ASFEDRO para adaptarse a esta nova realidade implementou no 2009 un programa fundamentado na Redución de Riscos asociados ó consumo de drogas, e que se suma ós diferentes recursos e dispositivos que xestiona a entidade. Esta liña de intervención nace para dar resposta á demanda social e ás problemáticas derivadas do consumo de drogas en determinados contextos onde os mozos e mozas ocupan parte do seu tempo de lecer.

No programa Educando no Lecer considérase importante a participación e implicación dos mozos e mozas nas actividades preventivas, sabendo que o grupo de iguais se visualiza como fonte crible e fiable de información. Deste xeito, a mocidade posiciónase coma correa de transmisión da información.



Educando no lecer na Actualidade.

O xermolo do proxecto xurdiu no 2009, mais non foi ata o 2012 cando comezou a medrar e ser máis visible nalgúns festivais da provincia da Coruña.

Interveuse durante varios anos en festivais tales como no Mundo Celta de Ortigueira, Antrospinos (Rianxo), Free live Festival (Coruña), Castelo Rock (Muros), Festas de San Pedro (Compostela), entre outros, en festas de centros sociais ou en salas de festas privadas.

Mais como acontece habitualmente, cando comezou a ter algo de forza, os recursos rematáronse e limitáronse as intervencións.

Na actualidade estase intentando retomar o programa ampliando a área de intervención a todo o contexto Galego. Tendo constancia de que é unha estratexia efectiva para reducir os riscos asociados ós consumos de drogas.

Neste verán o punto de Info-drogas, estivo presente en festivais coma o Resurrection Fest, Pardiñas, Revenidas, Rock in Rian, Caudal Fest, ou en festas como a Festa da Auga de Vilagarcía, Guadalupe en Rianxo, entre

outras.

Nelas proporcionouse información e asesoramento persoal a través dos diferentes recursos.

Dentro de tódolos recursos dos que dispón o servizo, o testing é o que máis persoas atrae. A través del obtense información sobre o principio activo, adulterantes, doses, vías de consumo, coidados, etc.

A prevención das adiccions no ámbito socioeducativo.

Viviana Varela Novo, Noelia García Rama
e Octavio Susacasa Noval.

Educadoras e Educador social (colexiado nº 3170).
Asociación Socioeducativa para a educación (ASEDUC)
info@aseduc.es


Á espera de que a nosa Comunidade Autónoma decida implantar a figura profesional da educación social na escola, non debemos esquecer que somos moitas as persoas que entramos nas aulas para poñer en marcha numerosos proxectos de corte social e contidos transversais.

Por iso, é preciso reflexionar sobre as necesidades no traballo socioeducativo e preventivo en aula con persoas adolescentes, a nivel preventivo en materia de adiccions. Consideramos moi necesario este tipo de accións e intervencións, posto que as adiccions afectan directamente á boa evolución do alumnado.

As comunidades escolares non poden permanecer ao marxe destas situacións problemáticas. O sistema educativo debe favorecer a capacidade para o manexo das emocións e as habilidades para a vida, dende a infancia ata a mocidade, para así non incorrer en condutas nocivas e riscos para a súa vida. Neste senso, resaltamos a necesidade do traballo preventivo dende a educación primaria.

Os programas de educación para a saúde e a prevención das adiccions que desenvolvemos dende ASEDUC baséanse en tres alicerces fundamentais:

1. A escola é un ámbito propicio para o desenvolvemento emocional e social das/os menores.
2. É preciso previr dende idades temperás, ensinando ás persoas a tomar decisións libres e conscientes e a coidarse.
3. Implicación e compromiso de todos os colectivos implicados, dende o profesorado ata as familias.



Estes programas se distribúen en tres ámbitos, interrelacionados entre si durante todo o proceso: ámbito educativo, ámbito familiar e ámbito social.

Dentro do **ámbito educativo**, ASEDUC realiza obradoiros tanto con educación Primaria coma con Educación Secundaria, Bacharelato e Ciclos formativos. Cando falamos de programas preventivos en adicións en Educación Primaria incidimos en dous aspectos básicos: os hábitos e actitudes saudables e o desenvolvemento sociopersoal, coa meta da autonomía social das persoas.

Durante a educación secundaria atopamos varios períodos importantes. Por unha banda está o primeiro ciclo, onde traballamos especialmente a autoestima das persoas e a presión do grupo e a importancia que estas teñen no tema das adicións, traballando para iso as habilidades sociais, emocionais e a comunicación asertiva.

Durante o segundo ciclo séguense a reforzar estes aspectos pero comezamos a traballar e a afondar nas diversas sustancias que producen adicción (se traballan tamén as adicións ás redes sociais, videoxogos e internet) , o porqué destas adicións e as diversas consideracións que ten cada unha delas.

Ao entrar tanto en Bacharelato e Ciclos Formativos, ofrecemos ao alumnado actuacións informativas e formativas sobre comportamentos de risco relacionadas co uso das drogas e responsabilidade viaria e a responsabilidade na propia saúde. Desenvólvense instrumentos que permiten valorar os niveis de risco e de protección do alumnado e se ofrece información sobre redución de riscos en caso de ser preciso.

Referíndonos ao **ámbito familiar**, ASEDUC realiza escolas de nais e pais e cursos de formación para familias sobre prevención de adiccións, tanto das drogas coma de redes sociais e videoxogos, para poder realizar a prevención dende os propios fogares. Polo tanto ofrécese un espazo de información, formación e reflexión para as familias sobre as funcións que deben cumprir para a adquisición de pautas saudables de dinámica familiar.

É dicir, con este programa preténdese modificar factores de risco para previr o abuso de drogas e adiccións, por medio das melloras das habilidades das familias, o fortalecemento dos vínculos familiares e a clarificación da postura familiar con relación ao consumo de drogas e á mala utilización das redes sociais e videoxogos.

Importantes neste ámbito familiar tamén son os puntos de asesoramento tanto para as familias coma para as persoas menores consumidoras.

Dentro do **ámbito social**, póñense en marcha programas de mediación escolar entre pares, que aínda que non é prevención en si mesmo, si é unha ferramenta que nos pode abrir moitas portas e serve como apoio importante na prevención do consumo de drogas e na utilización das redes sociais e videoxogos.

¿E agora que? Un paso ADIANTE na deshabitación de sustancias adictivas

Víctor Meizoso López
Educador social e Facilitador
Asociación de Persoas Alcólicas ADIANTE
adiante@hotmail.com

Unha das preguntas comúns e que con máis índice de coincidencia brotan da persoa adicta na etapa posterior á desintoxicación física é: **“E agora, ¿que?”**. Podería parecer trivial, non obstante simboliza a ruptura potencial do estilo de vida durante a etapa de consumo. Reflicte, pois, un antes e un despois, un punto de inflexión no cotián da persoa adicta, expresa, nunha palabra: CAMBIO. Cambio de entorno e lugares frecuentados, cambio nas relacións familiares, cambio de hábitos, cambio cognitivo, cambio de valores, cambios condutuais, actitudinais... CAMBIOS.

Dende unha perspectiva de Intervención socioeducativa (en diante ISE), a asociación ADIANTE propón dende o ano 2016 o programa de Desenvolvemento Persoal e Habilidades para a Vida, dirixido a persoas adictas (evolucionando o concepto de alcólico/a ó de persoa con conduta adictiva) a sustancias en proceso de rehabilitación e ás familiares, co obxectivo de facilitar competencias socioemocionais que contribúan, apoiem, reforcen e impulsen, xunto con outros campos de intervención (psicolóxica, pedagóxica, sanitaria, etc.) un cambio real que axude dende a perspectiva da persoa adicta e o seu entorno, á toma de conciencia para emprender e acompañar ese cambio.

Algunhas das áreas que se levan implementando neste programa son as de autocoñecemento, confianza e valoración dun e dunha mesma, autorregulación emocional, motivación, empatía, xestión de conflitos e comunicación (e transversalmente dende unha perspectiva de xénero), habilidades, pois, de axuda para a adaptación a unha nova realidade, a da abstinencia e a vida máis saudable que influirá notablemente nos equilibrios e desequilibrios de relacións intra e interpersoais da etapa anterior, a de

consumo. Esta EDUCACIÓN non formal, de cambio, emocional, de empoderamento, de xénero, ofrece a posibilidade de adxectivala como social, en canto facilita a adaptación ós itinerarios sociais normalizados dende a convicción dun cambio de valores comúns acordes ao contexto sociocultural do medio, desligando o epicentro da substancia polo da persoa e as súas interaccións.

ADIANTE, e seu equipo técnico multidisciplinar, avogan as distintas intervencións, e en concreto as ISE, en procesos de adiccións dende un prisma humanístico e sistémico, posto que as consecuencias ou “salpicaduras” da adicción, chegan primeiramente á persoa adicta, e posteriormente ó entorno familiar, alcanzando a comunidade como problemática de saúde pública e social.

A persoa facilitadora que guía este programa, ó igual que os programas de “Alfabetización Emocional asistido con cabalos”, “Taller de Respiración Consciente” ou o de “En Singular: Mulleres adictas e mulleres familiares” acompaña o proceso de interacción dende o respecto total, do non xulgar, dende os zapatos da outra persoa, dende a escoita activa, dende, en resume, de cada “mapa mental” individual. Colaborar como facilitadores dende estes valores e **dende, para e coa** persoa participante, aproxímanos a resultados máis eficaces e eficientes, compatibles coa xustiza social e co desenvolvemento persoal e comunitario non obviando os obstáculos firmes que existen no proceso de integración.

“No podemos deixar que las percepciones limitadas de los demás terminen definiéndonos” (Virginia Satir)

Acompañamento socioeducativo dende o Servizo de Educación e Apoio Familiar de Arteixo no eido das adiccións. Experiencias de Educación Social.

Sonia M. González Rodríguez.
Educadora social (colexiada nº 3402)
sonia.gonzalez@arteixo.org

Arteixo é un concello de máis de 20.000 habitantes, linda con A Coruña e en poucos anos a industria fixo que medrase significativamente en canto a poboación e recursos; isto favorece que dende a educación social poidamos, por unha parte, seguir funcionando dun xeito próximo, a pé de rúa, ó tempo que dispoñemos de recursos que favorecen os acompañamentos socioeducativos -en canto a parte física se refire – dun xeito que sexa produtivo e conxugue eficacia e eficiencia.

O artigo 19 do decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios (Decreto SSC) e o seu financiamento escolle como un dos obxectivos dos Servizos de Educación e Apoio Familiar (SEAF) “Previr e atender as situacións que provoquen vulnerabilidade ou risco social ás familias ou unidades de convivencia ou algún dos seus membros(…)”

A lei 8/2008 de saúde pública de Galicia recolle no artigo 136.3 a necesaria promoción da coordinación entre o sistema de saúde e de servizos sociais.

O Código Deontolóxico do educador e a educadora social indica que a Educación Social ten como un dos seus principios básicos “a creación dunha relación educativa que lle facilite á persoa ser protagonista da súa vida” e como tarefa profesional a de “acompañar á persoa (...) para que mellore a súa calidade de vida (...)”

O decreto de SSC estableceu a obrigatoriedade da interdisciplinariedade nas equipas de SSC asegurando que a Educación Social estea presente, o que salvagarda unha forma de traballo coa cidadanía que respecta os principios de acción integral e vida independente, integración e normalización... -entre outros- que a lei galega de Servizos Sociais dispón

(Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia)

Acompañar á persoa nun proceso tan valente como é iniciar un tratamento de adicción supón unha implicación profesional de similar valentía pola necesaria proximidade física e emocional.

Se ademais este proceso o entendemos dentro dun marco familiar no camiño do afrontamento: promover espazos de respiro, colaboración na responsabilidade emocional de acompañar a un pai, a unha filla, a un avó... aínda cobra máis sentido educativo, a intencionalidade recolle varias vías de traballo socioeducativo.

Por que

Vergoña, culpa, dificultade para establecer relacións, medos, escasas relacións de apoio son factores que temos que ser coñecedoras que están presentes cando unha persoa inicia o proceso de tratamento dunha adicción.

As familias coas que traballamos carecen en moitas ocasións de estruturas que serven para manter unha dinámica de apoio que precisa unha persoa que afronta un tratamento de adicción.

“Podíallo explicar mil veces, darlle un mapa, marcarlle unha ruta paso a paso ou mesmo facer uso do google maps...” pónome nas súas cabezas e penso nalgunha situación que me pode incomodar na vida real e crear desacougo cando a afronto por vez primeira, unha cita en Facenda, asistir a calquera Congreso no que falar do meu traballo nunha cidade nova, consulta médica e nova profesional... e nesa identificación entendo a necesidade de realizar os acompañamentos”

Cando

No inicio do proceso avalío coa persoa o grao de apoio no acompañamento que precisa. Entre as valoracións que realizo conxuntamente coa persoa están:

Gradación temporal:

- Responsabilización no tratamento.
- Asistencia a citas previas.
- Intentos fallidos, profesionais anteriores...

Gradación espacial:

- Habilidades para acudir a servizos externos.
- Medos.
- Apoios, persoas e/ou redes que favorecen o proceso.

Maruxa. Levamos tempo traballando a preparación para identificar os cambios que precisa facer. Pedimos cita na UTACA (Unidade de tratamento de alcol e condutas aditivas) de A Coruña. *“Pódote acompañar, se queres, se te sentes máis cómoda, é parte do meu traballo”*

Patricia. Non quere ir a ningún servizo especializado. Traballamos xeración de novas redes sociais. *“A decisión é túa. Ti es a que marca os tempos. Iremos pouco a pouco”*

Como

O artigo 2 das normas deontolóxicas xerais establece que a acción socioeducativa deberá evitar métodos e técnicas que atenten contra a dignidade da persoa.

No acompañamento socioeducativo explicámoslle á persoa que é un servizo de apoio no proceso, que é a persoa quen marca os tempos e distancia, explicándolle as facilidades que dende o servizo no que traballamos lle poden beneficiar.

O noso servizo contempla a vantaxe de apoiar este tipo de acompañamentos co uso de medio de transporte cando precisan de desprazamentos físicos, o que favorece todo o relacionado cos tempos - que na administración pública soen ser axustados- e a comodidade física e emocional nos desprazamentos.

A relación educativa xerada nun desprazamento en coche favorece máis a cercanía que calquera mesa redonda ou despacho ben iluminado.

Carla. Está tomada a decisión. Quere facer ingreso en unidade terapéutica en Ferrol e hai praza. *“Irei contigo á entrevista, levamos tempo e estou contenta e orgullosa desa decisión”*

Saímos de ASFEDRO. Moita información. Paramos a tomar un café. Relaxación inmediata cando nos sentamos na terraza. *“-Déixanche facer isto? -É parte do meu traballo para que ti esteas cómoda”*.

A coordinación coas profesionais especializadas é básica, xerar espazos de confianza e respecto mutuo son parte do traballo. A adaptación da miña axenda en función das necesidades favorece especialmente que as sinerxias sexan efectivas.

PROGRAMA PFIS: Proxecto Érguete-Inclúete. Intervención socioeducativa con xoves privados de liberdade.

Lucía Pereda Pérez.
Educadora Social e Coordinadora do Programa PFIS.
Asociación Érguete.
pfis@erguetevigo.org

Desde a Asociación Érguete apostamos por proxectos e accións socioeducativas eficaces encamiñadas á prevención da reincidencia que axuden ás persoas privadas de liberdade no seu proceso de reintegración social e volta á vida en liberdade. Un dos ámbitos de actuación da Asociación é o desenvolvemento de programas e iniciativas socioeducativas que dean resposta á necesidade de reinserción e resocialización das persoas privadas de liberdade.

Este Proxecto enmárcase dentro do Programa de Formación e Integración Social PFIS impulsado pola Asociación Érguete e desenvólvese no módulo 2 do Centro Penitenciario de A Lama desde o ano 2016.

Tendo isto en conta, desde este proxecto preténdese que os internos xoves se reforcen ante os desafíos reais cos que se atoparán no momento da súa liberdade.

Trátase de que superen o estigma dunha condena penal, os efectos danos do encarceramento e os numerosos obstáculos que confrontan ó tratar de reintegrarse na sociedade, tendo en conta que a autoconfianza, as relacións sociais e as capacidades persoais foron perturbadas tanto polo seu estilo de vida anterior como a causa da privación de liberdade.

Entendemos que as persoas privadas de liberdade requiren dun proxecto a accións específicas que ofrezan ferramentas eficaces para a superación de factores condutuais ou ambientais que motivaron as condutas antisociais e delitivas e, á súa vez, introduza unha metodoloxía validada de cara a reducir a reincidencia e a mellorar as capacidades e habilidades sociais.

O proxecto conta con criterios e dinámicas de avaliación inicial, de proceso e final para determinar o impacto do mesmo nos destinatarios. Polo tanto, hai coherencia nas relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. As competencias que se traballan son: habilidades persoais e afectivas, interacción social e desenvolvemento cognitivo.

Desenvolver un concepto e un coñecemento de si mesmos axustados á realidade para detectar e ser conscientes das propias condutas impulsivas e emocións, aprender estratexias para o control das mesmas e facilitar a planificación dos seus obxectivos, construír un proxecto vital, como marco alternativo á delincuencia, potenciando metas e desenvolvendo competencias sociais, persoais e cognitivas para pór en práctica de forma integrada en diferentes contextos e reestruturar pensamentos distorsionados por outros que sexan máis adaptativos e promover a deshabitación psicolóxica da conduta antisocial/delitiva para a modificación do estilo de vida son os obxectivos xerais deste proxecto de intervención socioeducativa.

Trátase de traballar na prevención do delito e a súa reincidencia dotando ós xoves de recursos persoais, emocionais e cognitivos determinantes para unha transición á sociedade máis satisfactoria.

Entendemos que este é un traballo que debe continuar nos procesos de semiliberdade, polo que unha das liñas de traballo céntrase en iniciar o traballo en 2º grao para continualo en 3º grao, aproveitando así as facilidades que ofrecen os primeiros contactos coa comunidade.

Trátase de que os internos traballen sobre os condicionamentos que os levaron a delinquir, os analicen e os entendan, sendo consciente dos factores de risco e protección cos que contan de cara á non comisión de máis delitos, desenvolvendo novas destrezas e habilidades a nivel social e persoal que lles permitan unha integración social plena e satisfactoria.

Este proxecto de intervención socioeducativa está dirixido a homes menores de 25 anos privados de liberdade (xoves penitenciarios), que están cumprindo o 2º grao penitenciario na prisión de A Lama. O número máximo de persoas participantes é 15.

O equipo de traballo está composto por dúas educadoras sociais.

Experiencia de intervención socioeducativa no medio comunitario na unidade asistencial de drogodependencias de Lugo.

Helena López Novo, Isabel Sánchez Rodríguez.

Educadoras Sociais.

Cruz Vermella Lugo.

ellono@cruzroja.es / issarod@cruzroja.es

Esta iniciativa nace da necesidade detectada polas e polos profesionais da Unidade Asistencial de Drogodependencias de Lugo de complementar a súa intervención, basicamente sanitaria e terapéutica, cun enfoque máis social e educativo. Reforzando así as actuacións que neste campo se viñan realizando como parte da súa intervención para unha mellora na adherencia ao tratamento.

O traballo educativo con persoas atendidas na UAD pretende brindar unha atención persoal, complementaria e adaptada ás súas necesidades, favorecendo a súa inclusión social, para o que se abordan cuestións tanto do ámbito persoal como do ámbito comunitario.

Para poder dar resposta ás necesidades concretas das persoas con especial vulnerabilidade definíronse tres colectivos cos que se considera necesario un reforzo socioeducativo no seu proceso de tratamento e inserción social: menores de 25 anos, mulleres e persoas en situación de extrema vulnerabilidade.

Para isto formouse un equipo composto por tres profesionais: dúas educadoras e un traballador social. Cada un é referente dun colectivo, pero a forma de traballar é conxunta.

A intervención baséase nun traballo integral obtendo así unha visión global de cada caso, sabendo en todo momento quen está a intervir coa persoa e coordinando as diferentes accións profesionais. Búscase en definitiva un traballo en rede, sendo este proxecto, en ocasións, unha ponte entre os diferentes recursos de índole social presentes no proceso.

A función do equipo socioeducativo é de motivación, seguimento, reforzo

e acompañamento, labor que se volve imprescindible, no proceso de tratamento das persoas ás que vai dirixido, para poder superar a adicción e lograr a plena inclusión.

A actividade comeza a mediados de 2019, é polo tanto un proxecto con pouco percorrido, pero que pretende, e prevé, acabar consolidándose. Nestes meses levamos atendidos a 5 mozos e mozas, 7 mulleres e 10 persoas en extrema vulnerabilidade. O obxectivo é traballar cun número reducido de persoas para que a intervención sexa da mellor calidade posible.

En xeral, a intervención non se centra no problema da adicción, senón que se busca potenciar as capacidades da persoa para mellorar en aspectos da súa vida nas que se necesita un reforzo.

As actividades teñen como obxectivo fomentar a motivación, a adherencia e a autonomía persoal de cara a lograr un proceso de participación social con actividades moi variadas:

- No ámbito social: fanse acompañamentos a Servizos Sociais, banco de alimentos, entrada en centros de rehabilitación etc.
- No ámbito persoal: buscar actividades que se fagan en grupo para relacionarse con outras persoas, adéstranse habilidades sociais, mediación e orientación cas familias; hábitos de vida saudables, complementase o traballo das terapeutas da UAD na xestión das emocións e outros aspectos nos que sexa necesario.
- No ámbito do ocio e tempo libre: incídese na xestión do mesmo buscando unha alternativa saudable, mediante acompañamentos e información de recursos e opcións que abran o seu abanico de posibilidades.
- No ámbito da saúde: foméntase a responsabilización sobre o seu estado de saúde mediante a práctica de actividades físico-deportivas, acompañamentos a centros sanitarios, seguimentos das pautas médicas, etc.

A gran maioría destas actividades realízanse en Lugo, pretendemos con isto acercar a cidade ás persoas usuarias para que coñezan espazos, alternativas saudables e outras persoas fora de zonas de consumo.

O aporte feito por esta metodoloxía de intervención permite potenciar un achegamento “non terapéutico” con cada unha das persoas, intervir en ámbitos que non sempre é posible facer dende unha consulta e dotar aos participantes de apoio directo no seu ámbito comunitario. Resulta idóneo o perfil da educadora social para esta metodoloxía dada a flexibilidade e a

diversidade de escenarios nos que pode actuar. É este, polo tanto, un proxecto que vén reforzar a idea de que no eido das adicións a educación social é totalmente lóxica e necesaria.

Caso Enredados. Un modelo de intervención integrativo.

Aldara Fernández Servia, Pablo Óscar Veiga Romero.
Educadora social (colexiada nº 3932) e Educador social (colexiado nº 3942)

TactoConTacto.
tactocontactoourense@gmail.com

Lola, muller de 45 anos acude a nós por primeira vez por un problema de ansiedade e estrés. Na sesión manifesta estar preocupada pola saúde do seu marido (Pedro), un home diabético con sobrepeso e que segundo ela consume alcol diariamente. Ten dúbidas de se pode ser alcohólico ou non. Interesándose por algún tipo de diagnóstico que confirmase as súas sospeitas. Fala de que está deprimido, pouco comunicativo e que non fan vida de parella (non comparten nin ocio, nin proxecto vital, nin preocupacións...) Esta fase indirecta de tratamento dura aproximadamente uns seis meses, que serviron para equipar a Lola con estratexias de manexo, motivación e presión para que finalmente Pedro accedese a tratamento. Dende o noso punto de vista esta foi unha etapa fundamental, e coidamos que debe de ser incorporada como unha estratexia máis á hora de abordar un caso de alcoholismo desta tipoloxía. De feito dende TactoConTacto vimos de deseñar unha guía de autocoidado para o/a acompañante de persoas con Adicción (Abrindo Fiestras).

Pedro, home de 47 anos acode á primeira sesión empuxado pola súa muller Lola. Preséntase descoidado fisicamente e animicamente moi baixo. Di estar nesta situación dende a morte do seu irmán. Moi calado, cústalle expresar o que lle pasa, practicamente é Lola a que fai o diagnóstico. Bebe as agochadas, non se coida nin se asea, aliméntase mal e abandonou todas as fontes de pracer externas que antes compartían. Nestas primeiras sesións Pedro atópase claramente nunha etapa contemplativa. Barallando alternativas ó consumo abusivo pero cunha conciencia moi baixa da problemática, e das consecuencias asociadas. Ó longo das seguintes sesións (1 cada 15 días) traballamos estas áreas: vinculación e alianza terapéutica, conciencia da situación a todos os niveis e posibles alternativas de tratamento. Sempre coa presenza de Lola en sesións, coa que se traballa en paralelo (baixada de esixencias respecto Pedro, espazo

de seguridade para ela, desdramatización de gravidade das situacións...). Así mesmo se explica a duración do tratamento, a temporalización do mesmo e as tarefas a pór en acción para a seguinte sesión.

As primeiras pautas foron diminución e control da accesibilidade e dispoñibilidade de alcol a pesar das dificultades que isto supuxo, xa que Pedro é dono dunha licoreira. Para que Lola estivese máis tranquila, Pedro accedeu pasar o alcotest sempre que Lola llo pedise, e así diminuír os niveis de tensión e esixencia de Lola dándolle seguridade. Consideramos que foi clave converter a Lola nunha aliada para o tratamento e non unha ameaza para Pedro. Durante as seguintes sesións traballouse o fenómeno do craving e estratexias para manexalo, o modelo de Circuitos de recompensa, análise funcional/topográfico do consumo así como situacións de risco tendentes a recaída. Nesta fase fíxose unha visita a licoreira onde Pedro traballa, para comprender os estímulos a que estaba sometido.

Pola nosa experiencia intuíamos que pronto ían a aparecer os primeiros atrancos e Pedro sofre unha recaída. Posiblemente xa se presentasen consumos puntuais clandestinos previos ós patróns de consumos que presentaba anteriormente. Isto supuxo un punto de inflexión no tratamento de Pedro e na toma de conciencia cara a súa adicción. Acordouse unha Intervención Familiar conxunta á que asistiron a nai e o pai de Pedro, o fillo pequeno así como Lola. Esta intervención consistiu en que cada quen delas/es expresase o que sentían con respecto ó problema de alcoholismo de Pedro, como lles afectaba (nivel de preocupación), sempre dentro dun clima de moito respecto e comprensión. Despois desta sesión Pedro comprende que ten que afastarse daquelas situacións, contextos e estímulos que o levan a beber, e aprender a manexalos. Para iso toma a decisión de coller a baixa e manexar o negocio dende a casa. Así mesmo é consciente de que ten que aprender a comunicarlle a Lola como se sente, (conciencia e xestión emocional) cando ten gañas ou non de consumir, (craving), corresponsabilizarse das tarefas da casa, facer exercicio físico de forma regular e ir ó servizo médico, así como mellorar o ocio en parella para favorecer a comunicación. Paralelamente á nosa intervención acode á Unidade de Conduta Aditivas de Ourense (UCA) onde fai analíticas, páutanlle medicación.

A partir deste momento o tratamento baseouse en consolidar os cambios así como xerar un espazo de comunicación entre Pedro e Lola utilizando estratexias máis propias do adestramento persoal (coaching) que da intervención en adiccións propiamente dita. Entre as ferramentas utilizadas (roda de vida, D.A.F.O, círculo das necesidades...).

O que caracteriza esta Intervención a diferenza doutras é que na Terapia integrativa familiar os dous estiveron sempre xuntas/os, acompañándose e comprendendo o proceso de alcol, ademais dos cambios persoais que cada un delas/es ía facendo. Unhas veces prestábase máis atención ó problema de alcohol, outras veces dábaselle espazo a Lola, outras a Pedro e outras veces á propia parella. Dende o primeiro momento comprenderon que era un traballo de acompañamento, de entender, respectar, e manter os cambios. E aí seguimos.

A día de hoxe e despois de dous anos do primeiro contacto Lola e Pedro están ben e seguen xuntas/os, que diso se trataba..

Programa Mírate. Programa de intervención socioeducativa con perspectiva de xénero de mulleres privadas de liberdade.

Andrea Pérez Romariz e Elvira Rivas Gómez.

Educadora Social e Traballadora Social.

Asociación Érguete.

mirate@erguetevigo.org

O programa Mírate nace no ano 2009 tras a detección dunha serie de necesidades baseadas na observación do noso traballo nos Centros Penais a través do Programa Siort (Programa de Información e Asesoramento Xurídico Social).

Tras o noso traballo en prisión detectamos que as mulleres dos Centros Penais son obxecto de discriminación por parte da Administración, pois os cárceres están deseñadas por e para homes. Ademais, unha vez ingresan en prisión, non soen ter o suficiente apoio familiar. Cuestionamos que o sistema penal non dispoña de mecanismos que permitas ás mulleres privadas de liberdade integrarse na sociedade sen ter que recorrer novamente á actividade delituosa. A realidade da muller encarcerada ten necesidades moi específicas, ademais da posición secundaria que ocupa, debido á súa menor entidade numérica. Isto provoca precariedade dos espazos, mestura de perfís delitivos que dificulta a convivencia, invisibilización das vítimas de violencia de xénero ou que se atopan en relacións de parella non saudables.

Creemos que debemos atender a súa saúde integral dende unha perspectiva de xénero, evitando formacións e intervencións que perpetúan os roles e mandatos de xénero.

Este Programa que se realiza de maneira pioneira no Centro Penal da Lama consta con sete servizos de intervención que atenden as necesidades específicas da muller, que van dende unha atención integral dende a perspectiva de xénero, xerar espazos de reflexión entre mulleres e promover cambios actitudinais, condutuais e emocionais.

A intervención conta cunha primeira fase de entrevista individual por parte da educadora social ou da traballadora social do programa co obxecto de detectar as necesidades persoais, formativas ou xurídicas das internas. De modo parello co equipo de intervención do Centro Penitenciario planificamos a actuación a realizar.

O servizo que ofrecemos dentro do Programa Mírate son a orientación e información, atención psicolóxica, asesoramento xurídico, mediación intercultural e/ou familiar, adquisición de habilidades e servizo de medidas de apoio e orientación familiar.

Esta actuación integral fai que as mulleres dentro do sistema penal conten con profesionais que as acompañen nos seus procesos mantendo unha conexión co exterior.

Outra parte fundamental do programa son as intervencións grupais e individuais que buscan a modificación da conduta das mulleres, que as levaron a delinquir e a un posterior ingreso en prisión. Traballamos cun colectivo específico de atención ás mulleres con problemática drogodependente para levar a cabo derivacións ós programas de tratamento.

Tendo en conta o percorrido, a día de hoxe, participamos en xornadas relacionadas coa intervención con mulleres en prisión ou con outras relacionadas coa perspectiva de xénero. O programa é dotado de financiamento pola Xunta de Galicia. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Secretaría Xeral de Igualdade e Fondo Social Europeo.

O noso propósito é seguir dando atención integral ás mulleres acompañando dende o seu ingreso ata o seu proceso de liberdade.

Programa AUTO-T. Do coñecemento dun mesmo á liberdade.

Ana Vázquez Gago, Marta Lloves Pequeño e David Martínez López.

Educadora social, Terapeuta educativa, Pedagogo e Psicólogo.

Asociación Érguete.

prevencion@erguetevigo.org

Década dos 80. A sociedade galega é asidua protagonista dos titulares de todos os medios de comunicación por efecto do narcotráfico e centos de xóvenes sofren as consecuencias da expansión da heroína.

Nesta contorna nace a Asociación Érguete, en 1984, como iniciativa dun grupo de familias cun vínculo común: a toxicomanía dalgún dos seus fillos ou fillas. Un ano despois, procédese á súa legalización, en 1985, sendo o seu emblema a denuncia e loita contra o narcotráfico e a demanda de recursos públicos, profesionais e tratamentais da drogodependencia.

Debido á súa traxectoria, o 25 de Outubro de 1998, a Asociación asina un convenio co P.A.D. (Plan Autonómico de Drogodependencias) e a Xunta de Galicia (Goberno Autonómico) que posibilita a creación do Servizo de Información Xurídico-Social de Reinserción do Toxicómano (SIORT) e con el, a atención especializada que se buscaba para as súas usuarias e usuarios e a canalización de todas as súas demandas, tanto a nivel persoal e de tratamento, como xurídico e socio-laboral.

Tras varios anos de traballo, a Asociación percibe a necesidade de abarcar novos ámbitos de actuación, como a problemática de drogas que se vive entre os internos dos Centro Penitenciarios. Así, en colaboración co Centro de Inserción Social CIS de Vigo e o Centro Penitenciario de A Lama, comeza a impulsar programas educativos e reeducativos, orientados a cubrir as necesidades máis inmediatas dos drogodependentes ingresados en prisión, que co tempo, se amplía a outras demandas que xorden entre os internos, tanto con problemas de consumo como carentes deles.

Ante esta necesidade créase o noso Programa, que quizá deberíamos

presentar aclarando a razón de ternos tomado a licenza de utilizar unha redundancia na súa nomenclatura, nomeándoo “AUTO-T”.

Fixémolo para insistir en que a base da nosa intervención é o traballo sobre un/ha mesmo/a. Por iso, AUTO-T: auto-coñécete, auto-contróláte, auto-estímate... auto-libérate.

Centramos todo o proceso terapéutico no coñecemento de un mesmo. O noso obxectivo é que as persoas usuarias aprendan a coñecerse, a adquirir recursos para superar as propias dificultades e a descubrir e enxalzar as habilidades persoais, así como a súa utilización no seu propio beneficio. Pero, sobre todo, aprendan a disfrutar de si mesmas/os e das/os demais, exercitando o comportamento en sociedade, cara a que estas persoas se mostraron hostís e á que haberán de regresar nunha actitude que facilite a súa incorporación e aceptación.

Aínda que a actividade se desenvolve en grupo, establécese un proceso evolutivo persoal para cada interna/o en función das súas necesidades, posibilidades e expectativas, combinándose o traballo grupal con intervencións específicas de carácter individual cando é necesario.



A intervención establécese en dúas fases: Unha primeira fase centrada no desenvolvemento de condutas socializadoras, que se leva a cabo na aula a través de coloquios, dinámicas de grupo, debates e sesións formativas e informativas.

E unha segunda fase, que denominamos “Autocontrol a través do Movemento”, que se realiza no ximnasio, por ser un espazo amplo que posibilita o

movemento, e que se leva a cabo a través dun compendio de actividades procedentes de disciplinas como a psicomotricidade, a expresión corporal, o psicodrama, a relaxación, etc.

O Programa Auto-T nace na prisión de A Lama no ano 2008, como parte das actividades que a institución ofrece ós internos incluídos en réxime ordinario de internamento (segundo grao).

Un ano máis tarde, 2009, dados os resultados, o centro penitenciario plantéxanos a posibilidade de levar unha experiencia piloto similar ó

módulo de Primeiro Grao, onde, por tratarse dun réxime de internamento de alta seguridade, as actividades eran case inexistentes.

Dende entón, centos de internos, de primeiro e segundo grao, pasaron polo Programa e o finalizaron satisfactoriamente: progresando de grao (primeiro a segundo e segundo a terceiro), ingresando en programas de tratamento de drogodependencias, ou cambiando actitudes e emprendendo melloras persoais que teñen influído no seu comportamento en prisión e preparado satisfactoriamente o seu camiño cara a liberdade.

Isto fixo que a Fundación Barrié de la Maza e a Fundación Roviralta se interesasen por patrocinar o noso traballo, facendo así posible estendelo a todas as prisións de Galicia que contan con primeiro grao. Neste caso, ademais de A Lama, ó C.P. de Teixeira en A Coruña, no ano 2017.

A día de hoxe, o Auto-T atópase incluído no Programa de Réxime Pechado de ambos centros penitenciarios, un programa innovador neste ámbito que facilita a realización de actividades en primeiro grao, entre as que se inclúe, con carácter obrigatorio, a participación no Auto-T.

Precisamente, a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias fixo chegar recentemente á prisión de A Lama un escrito felicitando polo labor levado a cabo con este Programa, no que nos enche de orgullo estar incluídas/os, non só pola satisfacción que obviamente nos proporciona, senón, sobre todo, porque isto asigna ó traballo de autocoñecemento o recoñecemento e o lugar que merece, xa que o tempo e a experiencia, amósannos que traballar sobre un/ha mesma/o contribúe notablemente a que a persoa responsable do delito se vaia difuminando para ir deixando ver, nun primeiro plano, cada vez máis nítido, á persoa en si.

Por iso, a intervención a través do Auto-T é un traballo que implica unha grande responsabilidade, pero non só para quen o aplica, senón, sobre todo, para quen o recibe. Unha responsabilidade para consigo mesma/o e para as e os demais cos que a vai experimentar e compartir. É precisamente ese sentido da responsabilidade, o que máis debemos traballar na reinserción destas persoas na sociedade da que forman parte, para que esa reinserción adquiera sentido e nos beneficie a todas e todos.

O noso desexo é que o Auto-T transcenda os muros de prisión e vaia máis alá; o noso desexo é que transcenda todas as fronteiras e se valore a importancia do traballo persoal con todas/os e cada un/unha dos internos e internas das prisións de todo o mundo, porque a nosa obriga é salvagardar á sociedade, facilitándolles volver a ela para que non sexan unha ameaza, senón un exemplo da nosa capacidade de adaptación e

mellora.

Sere@s do Casco Vello.

Antón Bouzas Álvarez

Educador social (colexiado nº 968). Coordinador do programa Sere@s do Casco Vello entre 1997-2013.

Sere@s do Casco Vello foi un programa comunitario de intervención na rúa entre iguais, orientado ó acompañamento de persoas que vivían no contorno do casto histórico da cidade de Vigo en situacións de pobreza, sen teito e/ou enfermidade.

Entrou en funcionamento no ano 1997 desenvolvido pola Federación Veciñal 'Eduardo Chao' e o Grupo de Autoapoio VIH/SIDA e Adiccións 'O Imán' da Unidade de Atención a Drogodependencias do Concello de Vigo, dentro do plan comunitario do Casco Vello.

As usuarias e usuarios que participaban no programa carecían de recursos económicos suficientes para cubrir as súas necesidades básicas e entre eles podíase atopar dende persoas en drogadicción activa ou en situación de prostitución ata inmigrantes regularizadas ou non en busca de traballo, pasando por persoas maiores soas cunha pensión moi baixa. Ante esta poboación diversa, dende o programa traballábanse aspectos fundamentais para o desenvolvemento persoal como a prevención, o coidado da saúde ou as habilidades sociais e de convivencia, ó tempo que se intentaba dar resposta á rede asistencial pública.

O local d@s Sere@s era un espazo de encontro no que era posible tomar un café quente ou un bocadillo e compartir un rato agradable de charla; pero ademais era un espazo privilexiado para o coidado da propia saúde, onde as persoas podían aprender novas condutas saudables que viñesen a substituír outras que constituían un grave risco para as súas vidas. É por iso que no local, ademais de facilitar toda a información dispoñible sobre prevención e redución do dano, desenvolvíanse diariamente dous subprogramas de intercambio de material de inxección e de reparto informado de preservativos, que resultan fundamentais na prevención da transmisión do VIH/SIDA, outras enfermidades de transmisión sexual, hepatite C e tamén na prevención de embarazos non desexados.

Sere@s do Casco Vello era, en definitiva, un programa de saúde e convivencia que dende o respecto e o encontro acompañaba ás persoas na superación das propias dificultades e no seu camiño cara a incorporación social.

Ademais do persoal técnico que o levaba a cabo, contábase coa colaboración de voluntariado e realizouse a contratación como mediadoras de persoas que anteriormente tiveran patoloxías adictivas. Estas persoas mediadoras, tendo a premisa de non invadir competencias estritamente profesionais, aportaban credibilidade ante as persoas usuarias, polo feito de ter abandonado no pasado actitudes e situacións iguais ou semellantes ás súas. A incorporación desta figura mediadora, arestora máis estendida, foi naquel momento algo innovador.

Actividades.

A actividade d@s Sere@s do Casco Vello xiraba en torno a dous subprogramas:

- **Café-calor** (almorzo e merenda): encontro, convivencia, información e asesoramento, acompañamento, habilidades de autocoidados e hixiene persoal, adherencia ós tratamentos, derivación á rede asistencial.
- **Redución do dano:** programa de prevención do VIH/SIDA, con especial atención ás persoas usuarias de drogas por vía parenteral (intercambio de material de inxección) e ás persoas en situación de prostitución (reparto informado de preservativos); percorrido diario polo barrio (rúas, prazas, choupanos, chutadeiros); información, acompañamento e asesoramento.

O programa incluía de xeito complementario algunhas actividades de reflexión e formación, que podían concretarse en obradoiros de protección da saúde, coñecementos básicos sobre o VIH/SIDA, musicoterapia, sociodrama, así como a participación en actos públicos de sensibilización e denuncia social.

Metodoloxía.

- Intervencións a pé de rúa.
- Achegamento prudente e respectuoso.
- Mínima, pero suficiente, regulamentación da relación persoal.

- Acceso inmediato sempre que sexa posible. Esixencias mínimas, exento de presións.
- Escoita activa, mensaxes non culpabilizadoras, non prohibitivas nin condenatorias.
- Ausencia de paternalismo, non asunción de responsabilidades dos problemas das persoas afectadas.
- Linguaxe fácil de entender, utilización de argot nos casos en que facilite a relación.
- Reforzar a autoestima e a autosuficiencia.
- Amosar interese polo que está a suceder, constancia e tenacidade.
- Mostrar sinceridade, non facer promesas que non se poidan cumprir.
- Non dramatizar nin ser maximalista.
- Saber retirarse se non hai condicións para a abordaxe.
- Respecto á confidencialidade.
- Uso de técnicas de *Counselling*, Prosocialidade, e político-terapia.

Sere@s do Casco Vello atendía arredor de 150-200 persoas diariamente, funcionando en horario de mañá e tarde. A modo ilustrativo, para dar conta da envergadura do programa, poden apuntarse os datos de atención do ano 2005:

- 942 persoas atendidas no subprograma cafe-calor;
- 557 persoas participantes no subprograma de redución de dano (232 no intercambio de material de inxección e 374 no reparto informado de preservativos);
- 216 persoas derivadas a outros recursos de saúde, emprego, atención social, etc.;
- 49 acompañamentos ás entidades ás que se fixeron derivacións;
- 71 visitas a usuarias/os hospitalizadas/os;
- 329 persoas que recibiron información acerca de recursos asistenciais básicos;

- 53 intervencións coa veciñanza para dar a coñecer o programa e dialogar sobre as súas inquiredanzas con respecto á presenza no barrio das persoas usuarias do programa;
- 13.793 xeringas usadas recibidas e 21.971 xeringas novas entregadas;
- 3.455 xeringas usadas recollidas na rúa;
- 16.727 preservativos repartidos, dos cales 14.642 foron a persoas en situación de prostitución;
- 332 sets de afeitado repartidos;
- 238 sets de hixiene buco-dental repartidos;
- 11 obradoiros, cursos ou charlas;
- 25 accións de sensibilización e denuncia.

No ano 2013, a actividade de Sere@s do Casco Vello trasladouse a unha unidade móbil e cambiou a súa ubicación por decisión unilateral do concello de Vigo, significando o inicio do fin do programa.

Sere@s do Casco Vello foi un programa pioneiro que constitúe aínda hoxe un exemplo de boa práctica no eido das adiccións dende a Educación Social.

